

O 3 de febreiro publícase no DOG:

1.- ORDE de 30 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa do bono nova oportunidade das persoas autónomas e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento TR341T).

Serán persoas **beneficiarias** das axudas deste programa as **persoas que se dean de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA)** ou calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional no período do **1 de xaneiro de 2020 ao 30 de setembro de 2020 e cesaran con anterioridade na súa actividade** causando baixa na seguridade social ou na mutualidade correspondente e no imposto de actividades económicas (IAE) **por causas económicas** e que cumpran os seguintes requisitos na data da solicitude ou data de inicio de actividade segundo o modelo 036 ou 037 para as persoas que xa se deran de alta antes da solicitude.

2.- ORDE do 30 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa do bono renova nos negocios das persoas traballadoras autónomas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento TR341S).

A finalidade deste programa é a concesión de axudas económicas para a realización dunha **remuda xeracional** ordenada nos negocios das persoas traballadoras autónomas.

Serán persoas **beneficiarias** destas axudas a persoa **traballadora autónoma que vai transmitir** o seu negocio por cesamento. **Tamén** será beneficiaria da axuda **a persoa que adquira o negocio** e que estea **dada de alta** no Réxime especial de traballadores autónomos (RETA) tras a súa adquisición.

Estas bases reguladoras teñen por obxecto fixar os criterios e requisitos para a concesión de **axudas do Programa do bono renova nos negocios das persoas traballadoras autónomas**, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, **desde o 1 xaneiro de 2020 ao 30 de setembro de 2020.**

O **prazo de presentación** de solicitudes será desde o día seguinte ao da publicación no Diario Oficial de Galicia **ata o 30 de setembro de 2020.**

3.- Orde do 30 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas para a **conciliación por maternidade ou paternidade da persoa traballadora autónoma**, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento TR341R).

4.- ORDE do 30 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras do programa do bono das persoas autónomas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento TR341Q).

Poderán ser beneficiarias das axudas reguladas nesta orde:

As **persoas traballadoras autónomas** que estean de alta no réxime especial de autónomos ou en mutualidade de colexio profesional, que teñan domicilio fiscal en Galicia, que teñan unha **antigüidade na realización efectiva dunha actividade** empresarial ou profesional de maneira ininterrompida na data da solicitude da axuda por **un prazo superior a 42 meses** e que teñan un **rendemento neto reducido** dos rendementos de actividades económicas declarados na **declaración do IRPF anual inferior a 30.000 euros** e unha **facturación mínima anual de 12.000 euros, IVE incluído**, na declaración referida ao **ano 2018**.

5.- ORDE do 30 de decembro de 2019, pola que se establecen as bases reguladoras para a **promoción e consolidación do emprego autónomo a través do Programa I, de axudas á promoción de emprego autónomo**, cofinanciado parcialmente con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e do **Programa II, de axudas a persoas traballadoras autónomas pola contratación indefinida de persoas asalariadas**, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (códigos de procedementos TR341D e TR349F).

Programa I: Promoción de autónomo. Serán beneficiarias aquelas persoas que causen **alta no réxime especial de autónomos** ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional entre o **1 de outubro de 2019 e o 30 de setembro de 2020**, ambos inclusive, como titulares ou cotitulares do negocio ou explotación. **O prazo para a presentación de solicitudes será ata o 30 de setembro de 2020.**

Programa II: Axudas a persoas traballadoras autónomas pola contratación e formación de persoas asalariadas. axudas para a contratación indefinida inicial e para a formación. Inclúense dous tipos de axuda compatibles:

a) **Bono de contratación**, por medio do cal se proporcionará unha subvención para a contratación indefinida inicial de persoas desempregadas realizadas por persoas traballadoras autónomas ou persoas profesionais con domicilio social e fiscal en Galicia.

b) **Bono de formación** (opcional) dirixido ás persoas contratadas por medio desta orde, para levar a cabo accións formativas que melloren os seus coñecementos e habilidades relacionados co posto de traballo.

Poderán ser **beneficiarias** das axudas previstas nesta orde as persoas traballadoras **autónomas** ou as persoas profesionais pola **primeira contratación** que realicen con carácter **indefinido** durante o **seu primeiro ano de actividade**.

As persoas traballadoras **autónomas** ou as persoas profesionais pola **segunda e terceira contratación** que realicen con carácter indefinido nos tres primeiros anos de actividade.

As solicitudes de axudas polas contratacións subvencionables realizadas entre o 1 de outubro de 2019 e o 3 de febreiro deberán presentarse no prazo de dous meses contado desde o 4 de febreiro.

As axudas previstas polas contratacións subvencionables realizadas desde o 4 de febreiro deberán solicitarse ata o último día do segundo mes seguinte á data en que se inicie a relación laboral indefinida pola que se solicita subvención.

O prazo para a presentación das solicitudes de axudas rematará o 30 de setembro de 2020.

PANTÓN, FEBREIRO 2020